

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: EPA RÍO LÉREZ

CURSO: 2019 - 2020

MATERIA:

INGLÉS	MÓDULOS 1, 2, 3 E 4 ESA SEMIPRESENCIAL
	MÓDULOS 2 E 4 ESA PRESENCIAL
	1º E 2º DE BACHARELATO

DEPARTAMENTO: INGLÉS

DATA: 15.05.20

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Secuencia de contidos.**
- 3. Avaliación e cualificación.**
- 4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 5. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

1.1 ESA presencial e semipresencial.

MÓDULO 1

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.6. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.	B1.6.1. Recoñece un vocabulario oral básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.
B2.6. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.	B2.6.1. Emprega un vocabulario oral básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo.
B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas (identificación do tema dun texto coa axuda de elementos textuais e non textuais, uso dos coñecementos previos sobre o tema, inferencia de significados polo contexto e polo apoio visual, por comparación de palabras ou frases similares nas linguas que xa coñecen, etc.), para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto.	B3.1.1. Aplica estratexias de lectura comprensiva, recoñecendo os trazos básicos e o contido global do texto, sen necesidade de entender todos os elementos do mesmo.
B3.6. Recoñecer un repertorio limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.	B3.6.1. Recoñece un vocabulario escrito básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.
B4.2. Elaborar, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata, de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles, ou para falar sobre	B4.2.1. Escribe correspondencia persoal breve, simple e cun guión sinxelo (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que

<p>aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira</p>	<p>dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo e da súa contorna inmediata (familia, amigos, afeccións, actividades cotiás, obxectos, lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.</p> <p>B4.2.2. Elabora presentacións e proxectos breves e sinxelos (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo/a, a súa familia, o seu traballo, a súa vida académica e a súa contorna; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de xeito sinxelo a súa casa, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou dun obxecto; presentar un tema que lle interese, dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) ou sobre aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas sinxelas e básicas.</p>
--	---

MÓDULO 2

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>B1.5. Recoñecer significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral.</p>	<p>B1.5.1. Recoñece e comprende as estruturas morfosintácticas básicas en oracións sinxelas de situacións habituais e de contido predicible asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.</p>
<p>B1.6. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a asuntos cotiáns e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias, estudos e ocupacións.</p>	<p>B1.6.1. Recoñece un vocabulario oral básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.</p>

B2.6. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico oral suficiente para comunicar información en situacións cotiás e habituais.	B2.6.1. Emprega un vocabulario oral básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo.
B3.2. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos en lingua estándar ou nun rexistro informal, que traten de asuntos cotiás ou do seu interese e de aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.	B3.2.1. Capta a información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo e breve como notas e carteis en lugares públicos, menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos, presentacións escritas ou proxectos, etc. B3.2.2. Comprende correspondencia persoal breve e sinxela, en calquera formato, na que se fala dun mesmo; se describen persoas, obxectos e lugares; se narran acontecementos presentes e se expresan sentimentos e desexos sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.
B4.2 Elaborar, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiás ou de interese persoal e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, nun rexistro informal e estándar.	B4.2.4. Elabora textos e presentacións ou proxectos breves e sinxelos (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiás ou do seu interese ou sobre aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas doadas e básicas.

MÓDULO 3

Craterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de	B1.2.5. Comprende, nunha conversación informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos

<p>viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro informal, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais, sobre temas do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo ou sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar.</p>	<p>da vida diaria, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente e se o interlocutor está desposto a repetir ou reformular o dito.</p>
<p>B2.3. Relacionarse de maneira sinxela en conversas básicas sobre temas predicibles nas que se establece contacto social manexando frases curtas, grupos de palabras e fórmulas para desenvolverse de maneira suficiente en breves intercambios en situacións comunicativas habituais e cotiás con propósitos comunicativos propios da súa idade (invitar, ofrecer axuda, propor, aceptar ou denegar invitacións e propostas.....).</p>	<p>B2.3.1. Desenvólvese expresións básicas xestións e transaccións cotiáns e estruturadas (p.e. en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros educativos, lugares de traballo), ou menos habituais (p.e. nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou un organismo público).</p>
<p>B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais ou os detalles relevantes dun texto.</p>	<p>B3.1.1. Aplica estratexias de lectura comprensiva recoñecendo os trazos esenciais do xénero e a súa estrutura, e interpretando o seu contido global e específico, sen necesidade de entender todos os elementos do mesmo.</p>
<p>B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou de interese persoal ou sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira nun rexistro informal, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.</p>	<p>B4.2.1. Escribe textos breves en distintos formatos, seguindo un modelo estruturado, con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e do seu interese e sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira para incorporalos a proxectos.</p>

MÓDULO 4

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, claramente estruturados, e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a unha velocidade media, nun rexistro informal ou neutro, e que traten sobre asuntos cotiáns en situacións habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional ou sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</p>	<p>B1.2.1. Capta os puntos principais e detalles relevantes de mensaxes gravadas ou de viva voz, articuladas de maneira lenta e clara, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información.</p> <p>B1.6.1. Identifica o vocabulario oral básico e suficiente para comprender textos sinxelos en rexistro estándar propio do seu nivel.</p>
<p>B2.2. Producir textos breves ou de lonxitude media, tanto en conversación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, nos que se intercambian información, ideas e opinión sobre temas cotiáns, sobre asuntos de interese persoal, educativo ou ocupacional ou sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira, e se xustifican de maneira simple pero suficiente os motivos de accións e plans aínda que ás veces haxa vacilacións para buscar expresións, pausas para reformular e organizar o discurso e sexa necesario repetir o dito para axudar ao interlocutor a comprender algúns detalles.</p>	<p>2.3.1. Participa en conversacións informais cara a cara ou por teléfono ou outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns nas que intercambia informacións expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos.</p>
<p>B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e ideas principais ou os detalles relevantes do texto.</p>	<p>B3.1.1. Aplica estratexias de lectura comprensiva recoñecendo os trazos esenciais do xénero e a súa estrutura, e interpretando o seu contido global e específico, sen necesidade de entender todos os elementos do mesmo.</p>

<p>B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou habituais ou sobre aspectos socioculturais do país onde se fala a lingua estranxeira nun rexistro neutro ou informal.</p>	<p>B4.5.1. Comunica con eficacia, empregando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</p> <p>B4.6.1. Emprega un vocabulario escrito básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo.</p>
--	---

1.2 Bacharelato semipresencial.

<p>Critérios de avaliación</p>	<p>Estándares de aprendizaxe</p>
<p>1.1 Identificar as ideas principais, información relevante implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e con estruturas lingüísticas de certa complexidade, nunha variedade de lingua estándar e articulados a velocidade media ou normal, que traten de temas tanto concretos coma abstractos, dentro do propio campo de especialización ou de interese nos ámbitos persoal, público, académico e ocupacional/laboral, sempre que as condicións acústicas sexan boas e se poidan confirmar certos detalles.</p>	<p>1.1 Comprende técnicas, dadas cara a cara ou por medios, realización de actividades e normas de seguridade no ámbito persoal (p.e. nunha rede social), público (p.e. nunha situación de emerxencia), académico ou ocupacional (p. e. o uso de máquinas, dispositivos electrónicos ou programas informáticos).</p>
<p>2.1 Construír textos coherentes e ben estruturados sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión máis comúns, e mostrando un control razoábel de expresións, estruturas e un léxico de uso frecuente, tanto de carácter xeral coma máis específico.</p>	<p>2.1 Toma parte adecuadamente, aínda que ás veces teña que pedir que lle repitan ou aclaren algunha dúbida, en conversacións formais, entrevistas e reunións de carácter académico ou ocupacional, intercambiando información relevante sobre aspectos tanto abstractos coma concretos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expoñendo os seus puntos de vista con</p>

	claridade, e xustificando con certo detalle, e de maneira coherente, as súas opinións, plans e suxestións sobre futuras actuacións
<p>3.1 Identificar as ideas principais, información relevante e implicacións xerais de textos de certa lonxitude, ben organizados e con estruturas lingüísticas de certa complexidade, nunha variedade de lingua estándar, e que traten de temas tanto abstractos coma concretos, dentro do propio campo de especialización ou interese, nos ámbitos persoal, público, académico ou ocupacional/laboral, sempre que se poidan reler as seccións difíciles.</p> <p>3.2 Coñecer e saber aplicar as estratexias adecuadas para comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais, os detalles relevantes do texto, ou información, ideas e opinións tanto implícitas coma explícitas, claramente sinalizadas.</p> <p>3.3 Recoñecer léxico escrito común e máis especializado, relacionado cos propios intereses e necesidades no ámbito persoal, público, académico e ocupacional/laboral, e expresións e modismos de uso habitual cando se conta con apoio visual ou contextual.</p> <p>3.4 Recoñecer os valores asociados a convencións de formato, tipográficas ortográficas e de puntuación comúns e menos habituais, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico (p.e. &, %, @, €).</p>	<p>3.1 Comprende instrucións dunha certa extensión e complexidade dentro da súa área de interese ou da súa especialidade, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (p. e. sobre como redactar un traballo académico, seguindo as convencións internacionais).</p> <p>3.2 Comprende correspondencia persoal en calquera soporte, e mensaxes en foros e blogs, nos que se transmiten información e ideas, se pregunta sobre problemas e se explican con razoábel precisión, e onde se describen de maneira clara e detallada, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e aspectos, tanto abstractos coma concretos de temas do seu interese.</p> <p>3.3 Comprende o sentido xeral, os puntos principais e os detalles máis relevantes, en noticias e artigos xornalísticos ben estruturados e de certa lonxitude, nos que se adoptan puntos de vista concretos sobre temas de actualidade ou do seu interese, e redactados nunha variante estándar da lingua.</p> <p>3.4 Entende, en manuais, enciclopedias e libros de texto, tanto en soporte papel coma dixital, información concreta para a resolución de tarefas da clase ou traballos de investigación relacionados con temas da súa especialidade, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas ou con temas do seu interese académico ou ocupacional, en páxinas webs e outros textos informativos oficiais, institucionais, ou corporativos.</p>

<p>4.1 Escribir, en calquera soporte, textos de estrutura clara sobre unha serie de temas xerais e máis específicos relacionados cos propios intereses ou especialidade, facendo descrições co suficiente detalle; redactando en palabras propias, e organizando de maneira coherente, información e ideas extraídas de diversas fontes, e xustificando as propias opinións sobre temas xerais, ou máis específicos, utilizando elementos de cohesión e coherencia e un léxico de uso común, ou máis específico segundo o contexto de comunicación.</p> <p>4.2 Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos de estrutura clara e de certa lonxitude, (p. e. Desenvolvendo os puntos principais, e ampliándoos coa información necesaria, a partir dun guión previo).</p> <p>4.3 Utilizar con razoábel corrección as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos e os elementos de conexión e de cohesión de uso común, co fin de que o discurso estea ben organizado e cumpra adecuadamente a función ou funcións comunicativas correspondentes.</p> <p>4.4 Coñecer, e saber seleccionar e utilizar, léxico escrito común e máis especializado, relacionado cos propios intereses e necesidades no ámbito persoal, público, académico e ocupacional/laboral, e expresións e modismos de uso habitual.</p> <p>4.5 Reproducir os patróns ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e algúns de carácter máis específico (p. e. indicacións para acoutar información, como paréntese ou guións), con corrección na maioría das ocasións; saber manexar procesadores de textos para resolver, (p. e.,</p>	<p>4.1 Escribe, nun formato convencional e en calquera soporte, un curriculum vitae, detallando e ampliando a información que considera relevante, en relación co propósito e destinatario específicos.</p> <p>4.2 Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información relevante e opinións sobre aspectos persoais, académicos ou ocupacionais, respectando as convencións e normas de cortesía e de etiqueta.</p> <p>4.3 Escribe, nun formato convencional, informes breves nos que dá información pertinente sobre un tema académico, ocupacional, ou menos habitual (p. e. un problema xurdido durante unha viaxe), describindo co detalle suficiente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha secuencia coherente; explicando os motivos de certas accións, e ofrecendo opinións e suxestións breves e xustificadas sobre o asunto e sobre futuras liñas de actuación.</p> <p>4.4 Escribe correspondencia persoal e participa en foros e blogs nos que transmite información e ideas sobre temas abstractos e concretos, comproba información, pregunta sobre problemas e explícaos con razoábel precisión, e describe de modo detallado, experiencias, sentimentos, reaccións, feitos, plans e unha serie de temas concretos relacionados cos seus intereses ou a súa especialidade.</p> <p>4.5 Escribe, en calquera soporte, cartas formais dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información relevante, e expresa puntos de vista pertinentes sobre a situación obxecto</p>
--	--

dúbdas sobre puntuación nos textos producidos en formato electrónico), e utilizar con eficacia as convencións de escritura que rexen na comunicación por Internet.

da correspondencia, no ámbito público, académico ou laboral, respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos.

2. SECUENCIA DE CONTIDOS

2.1 ESA presencial e semipresencial.

En canto ás probas extraordinarias de 1º, 2º, 3º e 4º da ESA semipresencial, seguiremos os contidos que recolle a programación. Non é necesaria adaptación algunha, xa que o curso se desenvolveu con normalidade de outubro de 2019 a xaneiro de 2020.

En 1º, 2º, 3º e 4º da ESA tanto presencial como semipresencial do **segundo cuadrimestre**, teremos en conta os contidos que se desenvolveron até o 13 de marzo de 2020, tendo en conta as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

2.1.1 MÓDULO 1

Unidade didáctica 1

- Saúdos, presentacións, agradecementos e desculpas.
- Os días da semana
- O alfabeto
- O rexistro nun hotel
- Países e nacionalidades
- O verbo TO BE
- Os artigos determinados e indeterminados (a, an, the)
- Os números cardinais e ordinais
- Os demostrativos
- Preguntas e respostas de información persoal (nome, apelido, orixe, idade, enderezo, ocupación, estado civil, datos de contacto...)
- Halloween e Columbus Day

2.1.2 MÓDULO 2

Unidade didáctica 5

- Saúdos, despedidas e presentacións.
- O verbo *to be* e *have got*.
- Preguntas e respostas acerca da nosa información persoal (idade, enderezo, ocupación, nacionalidade, estado civil...)
- A expresión da posesión (determinantes posesivos e xenitivo saxón).
- Os membros da familia.
- Obxectos comúns no noso bolso e na aula.
- Expresións útiles na aula.
- Artigos determinados e indeterminados (*a / an, the*).
- Formación do plural dos substantivos.
- Conversación nunha tenda de telefonía móbil.
- *Pancake Day* e do *Mardi Gras*

2.1.3 MÓDULO 3

Unidade didáctica 9

- O verbo *to be* e *have got*.
- O vocabulario básico para preguntar e contestar sobre datos persoais.
- O verbo haber impersonal: *there is/ there are* e o *imperative*.
- O vocabulario de sitios, lugares e tendas dunha cidade.
- O vocabulario para preguntar e dar enderezos.
- “Halloween”

2.1.4 MÓDULO 4

Unidade didáctica 13

- O presente dos verbos *to be*, *have got*, *there is /are* e presente simple.
- Vocabulario de traballos.
- Presente continuo e presente simple *versus* presente continuo
- Vocabulario relacionado cun *curriculum vitae* e cunha carta de presentación.
- “*Notting Hill Carnival*”.

2.2 Bacharelato semipresencial

Tanto en 1º como en 2º de BACHARELATO teremos en conta os contidos que se desenvolveron no **1º e o 2º trimestre**, tendo en conta as Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais teremos en conta os contidos que están marcados para a terceira avaliación co alumnado que así o requira, para completar o curso.

O departamento decidiu eliminar da proba obxetiva a comprensión oral para evitar posibles problemas técnicos que poidesen xurdir nas probas telemáticas.

2.2.1 1º BACHARELATO

Unidade 1

- Reading: comprensión dun texto sobre o uso dos medios sociais nunha situación de emerxencia.
- Grammar:
 - Expresión de hábitos e actividades: **Present Simple**. Uso e formación. Expresións temporais.
 - Expresión de accións en curso e plans programados para un futuro próximo: **Present Continuous**. Uso e formación. Expresións temporais.
 - Expresión de accións pasadas: **Past Simple** e **Past Continuous**. Uso e formación. Expresións temporais.

- Writing:
 - Análise da estrutura dun correo electrónico informal.
 - Produción dun texto: **correo electrónico informal**. (Your weekend).

Unidade 2

- Reading: comprensión dun texto sobre un roubo nunha casa, que sae mal.
- Vocabulary: palabras e expresións relacionadas coa delincuencia.
- Grammar: expresión de accións pasadas: **Present Perfect Simple** e **Past Perfect Simple**. Uso e formación. Expresións temporais.
- Writing:
 - Análise da estrutura dunha reportaxe sobre unha noticia.
 - Produción dunha reportaxe sobre unha noticia.

Unidade 3

- Reading: comprensión de varios textos sobre persoas que practican actividades de risco.
- Vocabulary:
 - **palabras e expresións** relacionadas coa **aventura**.
 - Adxectivos rematados en **-ed / -ing**
- Grammar: expresión de accións futuras co **Future Simple, be going to, Future Continuous** e **Future Perfect Simple**. Uso e formación. Expresións temporais.
- Writing:
 - Análise da estrutura dunha entrada para un blog de viaxes.
 - Produción dunha entrada para un **blog de viaxes**.

Unidade 4

- Grammar: Uso dos verbos **modais** e dos **modais perfectos**.

2.2.2 2º BACHARELATO

Starter

- Grammar:
 - uso e formación dos **Present Tenses**. Expresións temporais
 - uso e formación dos **Past Tenses**. Expresións temporais.
 - uso e formación dos **Perfect Simple Tenses**. Expresións temporais.
 - uso e formación dos **Future Tenses**. Expresións temporais.

Unidade 1

- Reading: comprensión dun texto sobre a educación esixente e controladora dalgúns países, para realizar diferentes actividades de comprensión.
- Grammar: expresión de accións presentes, pasadas e futuras en tempo perfecto, con distintas referencias temporais, a través do **Present Perfect Simple, Present Perfect Continuous, Past Perfect Simple** e **Past Perfect Continuous**. Uso e formación. Expresións temporais.
- Writing:
 - Análise da estrutura de texto argumentativo.

- Producción dun texto argumentativo: **a for and against essay**. (Advantages and disadvantages of studying online).

Unidade 2

- Reading:
 - Comprender o obxectivo dun autor á hora de escribir un texto concreto.
 - Comprensión dun texto sobre a implicación das persoas á hora de decidir axudar ou non a alguén nunha situación complicada.
- Vocabulary:
 - palabras e expresións relacionadas con asuntos sociais: **social issues**.
 - palabras e expresións relacionadas coa resolución de problemas sociais: **solving social problems**.
- Grammar: expresión de frases en estilo indirecto, **Reported Speech**. Uso e formación. Cambios que se producen nos verbos, adverbios, pronomes, etc. Formulación de afirmacións, preguntas, ordes e suxestións en estilo indirecto.
- Writing:
 - Análise da estrutura dun texto de opinión.
 - Estudo e práctica das conxuncións causais e consecutivas, e da estrutura das oracións.
 - Producción dun texto de opinión: **an opinion essay**. (Should sixteen year olds vote in nacional elections?).

Unidade 3

- Reading:
 - Comprensión dos pronomes empregados nun texto para evitar a repetición de palabras.
 - Comprensión dun texto sobre como, grazas a Google Earth, un mozo da India se reencontrou coa súa familia, anos despois de perderse e acabar en Australia.
- Vocabulary:
 - Palabras e expresións relacionadas coas viaxes: **getting around**.
 - Palabras e expresións relacionadas cos preparativos de viaxes: **travel arrangements**.
- Grammar: os verbos modais, **Modals**, e os modais perfectos, **Modal Perfects**. Uso e formación.
- Writing: produción dun texto narrativo.

Unidade 4

- Grammar: expresión de frases en condicional: (Zero Conditional), **First Conditional**, **Second Conditional** and **Third Conditional**. Uso e formación.
- Writing: produción dun resumo. (The meat you eat).

3. Avaliación e cualificación.

ESA: MÓDULOS 1, 2, 3 e 4

Avaliación	Procedementos: - Habera un único exame, que constará de exercicios de gramática, vocabulario, comprensión lectora e unha redacción. - Contribuirá á nota da modalidade presencial, a entrega de exercicios, redaccións, traballos, etc, sempre que quede claro para o profesor que se trata de traballo persoal, creativo, e con ganas de avanzar na materia. Instrumentos: - Exame - Actividades de traballo persoal, que se terán en conta para a nota final na modalidade presencial.
Cualificación final	Cada módulo dentro de cada ámbito do nivel recibirá unha única cualificación, é dicir, a cualificación de lingua estranxeira formará parte da cualificación que obteña o alumno no ámbito de comunicación nunha proporción do 30% da cualificación total. O alumnado poderá superar a materia sempre e cando demostre que acadou, coas tarefas do 2º cuadrimestre, os estándares definidos como esenciais polo profesorado. As cualificacións dos alumnos que cursan a modalidade presencial e semipresencial basearanse nas probas obxetivas de revisión e repaso dos contidos vistos até o 13 de marzo de 2020, e o traballo posterior desenvolvido vía telemática. As porcentaxes correspondentes a cada unha das partes do exame son as seguintes: <ul style="list-style-type: none">• Gramática e vocabulario 60%• Comprensión lectora 20%• Redacción 20% A nota obxetiva poderá verse incrementada de 0 a 2 puntos polo traballo de revisión, reforzo ou ampliación si é o caso desenvolvido durante o segundo cuadrimestre.
Proba extraordinaria de setembro	Cada módulo dentro de cada ámbito do nivel recibirá unha única cualificación, é dicir, a cualificación de lingua estranxeira formará parte da cualificación que obteña o alumno no ámbito de comunicación nunha proporción do 30% da cualificación total. As cualificacións basearanse nas probas obxetivas de revisión e repaso dos contidos vistos até o 13 de marzo de 2020. As porcentaxes correspondentes a cada unha das partes do exame son as seguintes: <ul style="list-style-type: none">• Gramática e vocabulario 60%• Comprensión lectora 20%• Redacción 20%
	Criterios de avaliación:

Alumnado de materia pendiente	Os alumnos matriculados en materias dun curso superior que teñan a materia do curso anterior non superada, terán dereito a unha proba extraordinaria, que neste caso recolla todos os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe recollidos na <i>Programación didáctica de referencia</i> para as 4 unidades de cada módulo do curso 2019_2020.
	Criterios de cualificación: Cada unha das partes do exame terá o seguinte valor: <ul style="list-style-type: none"> • Gramática e vocabulario: 60% • Comprensión lectora: 20% • Expresión escrita: 20%
	Procedementos e instrumentos de avaliación: - Exame. Esta proba incluíra exercicios de gramática, léxico, comprensión de textos e redacción.

1º BACHARELATO

Avaliación	Procedementos: - Contribuirá á nota a entrega de exercicios, redaccións, traballos, etc, sempre que quede claro para o profesor que se trata de traballo persoal, creativo, e con ganas de avanzar na materia. - Dado que no estudio dunha lingua todos os elementos están relacionados entre sí, a avaliación será continua. - Haberá un único exame, que constará de exercicios de gramática, vocabulario, comprensión lectora e unha redacción.
	Instrumentos: - Exame - Actividades de traballo persoal.
Cualificación final	Aquel alumnado que non acadou unha cualificación positiva na 1ª e 2ª avaliación, poderá superar a materia sempre e cando demostre que acadou, coas tarefas do 3º trimestre, os estándares definidos como esenciais polo profesorado. <p>Os resultados da avaliación expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez, sen decimais, e consideraranse negativas as inferiores a cinco.</p> <p>As porcentaxes correspondentes a cada unha das partes do exame son as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Gramática e vocabulario : 60% • Comprensión lectora: 20% • Expresión escrita: 20% <p>A nota obxetiva poderá verse incrementada de 0 a 2 puntos polo traballo de revisión, reforzo ou ampliación si é o caso desenvolvido durante o terceiro trimestre.</p> <p>Aqueles alumnos que non teñan superados os estándares definidos como esenciais polo profesorado, terán que realizar a proba extraordinaria de setembro.</p>

	<p>Aqueles alumnos que xa teñan superada a 1ª e a 2ª avaliación teñen a oportunidade de mellorar a súa nota si é o caso entre 0 e 2 puntos coa entrega de actividades de reforzo e/ou ampliación: exercicios, redaccións, traballos, etc, sempre que quede claro para o profesor que se trata de traballo persoal, creativo, e con ganas de avanzar na materia.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Os alumnos/as que non superasen esta avaliación (cunha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10), terán a oportunidade de recuperar en setembro cos mesmos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe detallados máis arriba.</p> <p>Os resultados da avaliación expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez, sen decimais, e consideraranse negativas as inferiores a cinco.</p> <p>As porcentaxes correspondentes a cada unha das partes dos exames son as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Gramática e vocabulario : 60% • Comprensión lectora: 20% • Expresión escrita: 20%

2º BACHARELATO

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Contribuirá á nota a entrega de exercicios, redaccións, traballos, etc, sempre que quede claro para o profesor que se trata de traballo persoal, creativo, e con ganas de avanzar na materia. - Dado que no estudio dunha lingua todos os elementos están relacionados entre sí, a avaliación será continua. - Haberá un único exame, que constará de exercicios de gramática, vocabulario, comprensión lectora e unha redacción. <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Exame - Actividades de traballo persoal
Cualificación final	<p>Aquel alumnado que non acadou unha cualificación positiva na 1ª e 2ª avaliación, poderá superar a materia sempre e cando demostre que acadou, coas tarefas do 3º trimestre, os estándares definidos como esenciais polo profesorado.</p> <p>Os resultados da avaliación expresaranse mediante cualificacións numéricas de cero a dez, sen decimais, e consideraranse negativas as inferiores a cinco.</p> <p>As porcentaxes correspondentes a cada unha das partes do exame son as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Gramática e vocabulario : 60% • Comprensión lectora: 20% • Expresión escrita: 20% <p>A nota obxetiva poderá verse incrementada de 0 a 2 puntos polo traballo de revisión, reforzo ou ampliación si é o caso desenvolvido durante o terceiro trimestre.</p>

	<p>Aqueles alumnos que non teñan superados os estándares definidos como esenciais polo profesorado, terán que realizar a proba extraordinaria de setembro.</p> <p>Aqueles alumnos que xa teñan superada a 1ª e a 2ª avaliación teñen a oportunidade de mellorar a súa nota si é o caso entre 0 e 2 puntos coa entrega de actividades de ampliación e/ou revisión: exercicios, redaccións, traballos, etc, sempre que quede claro para o profesor que se trata de traballo persoal, creativo, e con ganas de avanzar na materia.</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>Os alumnos/as que non superasen esta avaliación (cunha cualificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10), terán a oportunidade de recuperar en setembro cos mesmos contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe detallados máis arriba. Cada unha das partes do exame terá o seguinte valor:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Gramática e vocabulario: 60% • Comprensión lectora: 20% • Expresión escrita: 20%
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación: Os alumnos matriculados en segundo curso que teñan a materia de primeiro non superada, terán dereito a unha proba extraordinaria, que recolla os contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe recollidos nesta <i>Adaptación da Programación Didáctica</i> do presente curso 2019_2020.</p> <p>Criterios de cualificación: Cada unha das partes do exame terá o seguinte valor:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Gramática e vocabulario: 60% • Comprensión lectora: 20% • Expresión escrita: 20% <p>Procedementos e instrumentos de avaliación: - Exame. Esta proba incluírá exercicios de gramática, léxico, comprensión de textos e redación.</p>

4. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre

ESA: MÓDULOS 1, 2, 3 E 4

Actividades	Desenvolveremos actividades de recuperación, repaso e reforzo relacionadas cos contidos que podemos traballar até o 13 de marzo de 2020. E, no caso de que o alumnado así o solicite, ampliación dos contidos que non podemos traballar por mor da interrupción da asistencia ás aulas.
Metodoloxía	<p>A avaliación será continua e formativa, e ademais terá ó mesmo tempo carácter diagnóstico para planificar as medidas de recuperación necesarias o próximo curso.</p> <p>A acción tutorial realizarase fundamentalmente a través de correo electrónico.</p> <p>Os exames e/ou actividades desenroladas a partir do 13 de marzo serán por vía telemática, ofrecendo a posibilidade ó alumnado sen medios de acudir ó centro</p>

	para utilizar un ordenador e conexión a Internet na Aula de Informática, desde o 25 de maio até o 19 de xuño.
Materiais e recursos	Os materiais básicos de referencia, tanto para a modalidade presencial coma a semipresencial, serán as 4 primeiras unidades didácticas de cada módulo propostas pola Xunta e colgadas na súa páxina web: http://www.edu.xunta.gal/portal/node/23204 e os exercicios e materiais propostos por cada profesor na Aula Virtual do centro: www.epapontevedra.com

1º BACHARELATO

Actividades	Desenvolveremos actividades de recuperación, repaso e reforzo relacionadas cos contidos que poidemos traballar durante a 1ª e 2ª avaliación do curso. E, no caso de que o alumnado así o solicite, ampliación dos contidos relacionados co 3º trimestre que non poidemos traballar por mor da interrupción da asistencia ás aulas.
Metodoloxía	A avaliación será continua e formativa, e ademáis terá ó mesmo tempo carácter diagnóstico para planificar as medidas de recuperación necesarias o próximo curso. O bacharelato de adultos a distancia caracterízase polo traballo autónomo do alumnado e pola acción titorial necesaria para o proceso de ensino-aprendizaxe. Por este motivo, os alumnos disporán dunha guía do alumnado que oriente o seu traballo autónomo. A acción titorial realizarase fundamentalmente a través de correo electrónico. Os exames e/ou actividades desenroladas a partir do 13 de marzo serán por vía telemática, ofrecendo a posibilidade ó alumnado sen medios de acudir ó centro para utilizar un ordenador e conexión a Internet na Aula de Informática, desde o 25 de maio até o 19 de xuño.
Materiais e recursos	Os materiais básicos de referencia serán o libro de texto, <i>Trends 1</i> , a guía do alumnado e os exercicios e materiais propostos na Aula Virtual do centro: www.epapontevedra.com .

2º BACHARELATO

Actividades	Desenvolveremos actividades de recuperación, repaso e reforzo relacionadas cos contidos que poidemos traballar durante a 1ª e 2ª avaliación do curso. E, no caso de que o alumnado así o solicite, ampliación dos contidos relacionados co 3º trimestre e coas probas de acceso á universidade, ABAU, que non poidemos traballar por mor da interrupción da asistencia ás aulas.
Metodoloxía	A avaliación será continua e formativa, e ademáis terá ó mesmo tempo carácter diagnóstico para planificar as medidas de recuperación necesarias o próximo curso. O bacharelato de adultos a distancia caracterízase polo traballo autónomo do alumnado e pola acción titorial necesaria para o proceso de ensino-aprendizaxe. Por este motivo, os alumnos disporán

	<p>dunha guía do alumnado que oriente o seu traballo autónomo.</p> <p>A acción titorial realizarase fundamentalmente a través de correo electrónico.</p> <p>Os exames e/ou actividades desenroladas a partir do 13 de marzo serán por vía telemática, ofrecendo a posibilidade ó alumnado sen medios de acudir ó centro para utilizar un ordenador e conexión a Internet na Aula de Informática, desde o 25 de maio até o 19 de xuño.</p>
Materiais e recursos	<p>Os materiais básicos de referencia serán o libro de texto, <i>Trends 2, a guía do alumnado</i> e os exercicios e materiais propostos na Aula Virtual do centro: www.epapontevedra.com.</p>

5. Información e publicidade.

Información ao alumnado e ás familias	<p>O profesorado empregará o correo electrónico, a Aula Virtual e outras plataformas habituais no proceso de ensinanza-aprendizaxe deste curso 2019_20 para informar ao alumnado e ás familias.</p>
Publicidade	<p>A adaptación da programación será publicada na páxina web do centro: www.epapontevedra.com</p>